



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Avaliación e diagnóstico de necesidades socioeducativas | Código | 652G03039 | |
| Titulación | Grao en Educación Social | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Cuarto | Optativa | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | | | |
| Coordinación | Ríos de Deus, María Paula | Correo electrónico | paula.rios.dedeus@udc.es | |
| Profesorado | Ríos de Deus, María Paula | Correo electrónico | paula.rios.dedeus@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A materia Avaliación e Diagnóstico das Necesidades Socioeducativas aborda os procesos de avaliación e diagnóstico desde a perspectiva da prevención e/ou detección das necesidades socioeducativas, como paso previo a calquera intervención socioeducativa. esta materia pretende ofrecer una base teórico-práctica do diagnóstico en diferentes contextos da actividade do/da profesional da Educación Social: familia, grupo de pares, barrio e comunidade, e empregando una ampla variedade de técnicas e instrumentos de recollida de datos. Trátase de dar relevancia á figura do/da educador/a social como realizador/a e interactuante no diagnóstico das necesidades socioeducativas, comprendendo cáles son as súas competencias para lograr una actuación adecuada neste eido. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A5 | Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa. |
| A8 | Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos |
| A11 | Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa. |
| A13 | Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención. |
| A21 | Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos. |
| B1 | Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información. |
| B2 | Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa. |
| B3 | Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade. |
| B5 | Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión. |
| B6 | Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|--|-------------------------------------|----------------|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Recoñecer e analizar os factores relacionados coa inclusión social, educativa, cultural e laboral que afecta a intervención socioeducativa | | A5 A8 | B2 |
| Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa, para deseñar, implementar e aplicar procesos, metodoloxías e recursos para a intervención socioeducativa en diversos contextos. | | A5 A8 A11 | B1 B6 C6 |



| | | | |
|---|-----------------|----------------|----------|
| Identificar, analizar e comprender a realidade social, cultural e educativa. | A5 A8 A11 | B1 B6 | C6 |
| Domina as habilidades comunicativas para analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información a diversas audiencias. | | B6 | C1 |
| Deseñar, implementar e aplicar procesos, metodoloxías e recursos de detección de necesidades e diagnóstico socioeducativo en diversos contextos. | A13 A21 | B6 | C1 |
| Exprésase correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. | | B2 B6 | C1 |
| Redactar e presentar a información da avaliación e diagnóstico dun xeito sintético e organizado, e cunha expresión oral e escrita adecuada. | A13 A21 | B6 | C1 |
| Desenvólvese para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. | | B1 B3 B5 | |
| Transmitir a información criticamente, adecuando o discurso ás diversas audiencias. | A8 A11 | B1 B2 B6 | C1 |
| Asume como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. | | | C7 |
| Demostrar e promover unha actitude aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común | A13 | B2 | C1 C6 |
| Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. | | B2 B6 | C6 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| Tema 1. Conceptualización do diagnóstico en educación e nas necesidades socioeducativas | 1.1. Definición de diagnóstico 1.2. Modelos teóricos da avaliación de necesidades 1.3. Elementos humanos no diagnóstico. Competencias da/o profesional da Educación Social |
| Tema 2. Dimensións do diagnóstico | 2.1 Dimensións, ámbitos e áreas de actuación no diagnóstico 2.2 Dimensión socioambiental: familia, grupo de pares, barrio e comunidade |
| Tema 3. A recollida de datos: técnicas e instrumentos | 3.1 Clasificación das técnicas: proxectivas, subxectivas, psicométricas, sociométricas 3.2 Observación: instrumentos para a recollida de datos 3.3 Técnicas participativas de avaliación de necesidades 3.4 O informe diagnóstico: tipos de informe, estrutura e redacción |

| Planificación | | | | |
|------------------------|--------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A5 A8 A11 | 21 | 10 | 31 |
| Proba mixta | A5 A8 A21 B1 B2 B6 C1 | 2 | 1 | 3 |
| Estudo de casos | A5 A8 A13 A21 B1 B6 C1 C6 | 10 | 30 | 40 |
| Simulación | A5 A8 A11 A13 A21 B1 | 4 | 10 | 14 |
| Portafolios do alumno | A21 B1 B2 B3 B5 B6 C1 C6 C7 | 5 | 43 | 48 |
| Atención personalizada | | 14 | 0 | 14 |



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-----------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. |
| Proba mixta | Proba que integra preguntas abertas (de desenvolvemento) e preguntas obxectivas (de resposta múltiple, breve, asociación...). |
| Estudo de casos | Metodoloxía na que o alumnado enfróntase ante a descrición dunha situación específica que formula un problema que debe ser comprendido, valorado e resolto de xeito grupal, mediante un proceso de discusión. O alumnado sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser quen de analizar unha serie de feitos referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para acadar unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. |
| Simulación | Representación dun fenómeno de natureza sinxela, técnica ou psicolóxica, que permite a análise máis sinxela, económica ou innocua que si se fixera sobre o orixinal ou a realidade. Trátase de condicións nas que o alumnado pon a proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. |
| Portafolios do alumno | Documento que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas o que permite visualizar o progreso do alumnado. |

| Atención personalizada | |
|---|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral Proba mixta Portafolios do alumno Simulación Estudo de casos | Atención a cada grupo ou persoa, según as necesidades que presenten ou demanden. |

| Avaliación | | | |
|--------------|---------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Proba mixta | A5 A8 A21 B1 B2 B6 C1 | <p>Proba escrita na que entrará toda a materia (clases expositivas + clases interactivas).</p> <p>O sistema de corrección da dita proba será o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Preguntas de verdadeiro/falso: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta. - Preguntas de varias alternativas aplicarase a fórmula de corrección ao azar: acertos - erros/nº alternativas - 1. - Preguntas curtas: valorarase a claridade e a capacidade de síntese e adecuación da resposta á pregunta formulada. | 30 |



| | | | |
|-----------------------|--------------------------------|--|----|
| Portafolios do alumno | A21 B1 B2 B3 B5 B6 C1 C6 C7 | <p>As actividades incluídas na metodoloxía docente realizaranse nas clases interactivas. O alumnado deberá recoller o resultado de cada actividade nun documento, que será entregado una semana despois de finalizar todas as clases. Poderá formarse grupos para traballar de forma conxunta (o nº de integrantes dependerá do nº alumnado matriculado).</p> <p>O dito documento deberá reunir as seguintes características:</p> <ul style="list-style-type: none">- Portada (institucional) e índice paxinado- Estrutura do portafolio por actividades tendo en conta os seguintes aspectos: instrución da práctica, desenvolvemento da práctica e resultados acadados, conclusión.- Reflexión final sobre os contidos, atendendo a: valoración persoal das prácticas con respecto á práctica profesional, apreciacións persoais sobre as titorías realizadas (dentro e/ou fora do horario), valoración da temporalización do desenvolvemento das prácticas, outros aspectos a considerar. <p>O profesorado realizará un seguimento das actividades que se vaian elaborando por cada grupo e indicará propostas de mellora de cada práctica a cada grupo co fin de que na proba mixta da materia o alumnado sepa realizar as prácticas sen problema. Son, por tanto, materia de exame.</p> | 70 |
|-----------------------|--------------------------------|--|----|

Observacións avaliación

Para superar a materia é preciso ter aprobado todos os traballos realizados na clase.

O alumnado non asistente, deberá contactar connigo para establecer a metodoloxía de avaliación da materia.

Terase en conta, na presentación dos traballos, o formato, a redacción, as faltas gramaticales e as ortográficas.

En canto á realización fraudulenta das probas de avaliación, a cualificación axustarase ao establecido no REGULAMENTO DISCIPLINAR DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA Aprobado polo Consello de Goberno do 27/02/2023.

Fontes de información



| | |
|---|---|
| <p>Bibliografía básica</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Losada, L., Muñoz, J.M. y Espiñeira, E.M. (2015). Perfiles, funciones y competencias del educador social a debate: análisis de la trayectoria de la formación de profesionales de la educación social. RES Revista de Educación Social, 60, 59-76 - Diz López, M.J. (2017). Necesidades formativas. Modelos para su análisis y evaluación. Revista de Estudios e Investigación en Psicología y Educación, Extr.(6), 1-5 - Benítez Ramírez, M.C. (2013). El informe socioeducativo: instrumento de la Educación Social. RES Revista de Educación Social, 16, 1-17 - Sánchez Romero, C. (2015). Formación y desarrollo profesional del educador social en contextos de intervención. Madrid: UNED - Puig Rovira, J.M., Martín García, X. y Rubio Serrano, L. (2017). ¿Cómo evaluar proyectos de aprendizaje-servicio?. Voces de la Educación, 2(4), 122-132 - Pérez-Campanero, M.P. (1991). Cómo directar las necesidades de intervención socioeducativas. Madrid: Narcea - Granados García-Tenorio, P. y Mudarra Sánchez, M.J. (2010). Diagnóstico en educación social. Madrid: Sanz y Torres - Álvarez Rojo, V., García Jiménez, E., Gil Flores, J., Martínez Clares, P., Romero Rodríguez, S. y Ro (2002). Primera fase de la intervención: La determinación de las necesidades de los destinatarios del programa (pp. 51-93). Madrid: EOS - Pérez Serrano, G (2003). Pedagogía social. Educación social: Construcción científica e intervención práctica. Madrid: Narcea - Rodríguez Pérez, A. y Morera Bello, M.D. (2001). El sociograma: Estudio de las relaciones informales en las organizaciones. Madrid: Pirámide. - Bryman, A. (2016). Social research methods. Nueva York: Oxford University Press. - Sánchez Huete, J.C. (2013). Métodos de investigación educativa. Sevilla: Punto Rojo Libros, S.L. - Corbetta, P. (2010). Metodologías y técnicas de investigación social. Madrid: McGraw Hill - Rubio, M.J. y Varas, J. (2011). El análisis de la realidad en la intervención social: Métodos y técnicas de investigación . Madrid: CCS |
| <p>Bibliografía complementaria</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Fernández-Ballesteros, R. (2009). Evaluación psicológica: Conceptos, métodos y estudios de caso. Madrid: CCS - Escudero, J. (2010). Análisis de la realidad local: Técnicas y Métodos de intervención desde la animación sociocultural. . Madrid: Narcea - Kothary, C.R. (2006). Research methodology: Methods and techniques. Nueva Delhi: Noew Age International Publisher - Kumar, R. (2014). Research methodology: A step-by-step guide for beginners . Nueva Delhi: APH Publishing Corporation - Muiños, R. (2008). El diagnóstico participativo. Costa Rica: EUNED |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías